

Os bolcheviques e o cinismo da prensa

Lenin dicía que “a liberdade de prensa na sociedade burguesa consiste na liberdade que teñen os ricos de enganar, corromper e burlar con millóns de exemplares ás masas explotadas e oprimidas do pobo, ós pobres, dun xeito sistemático, continuo e cotián.” (Lenin, 1976: 153). Entendo que o fundamento das palabras de Lenin é a consideración de Marx a respecto de que a primeira liberdade de prensa é a liberdade de non ser unha industria.

Dicía Marx (1987: 116):

“A primeira liberdade da prensa consiste precisamente en non ser unha industria. O escritor que a degrade para convertela posteriormente en medio material merece como pena desta carencia de liberdade interior a exterior, que é a censura; mellor dito xa a só o seu existir é a súa pena.

Ben é certo que a prensa existe tamén en canto industria, mais en calidade de tal industria non é asunto dos escritores, senón dos impresores e dos libeiros. E eiquí non nos referimos á liberdade industrial dos libeiros e impresores, senón á liberdade de prensa.”¹

Perante a liberdade dos ricos para enganar, corromper e burlar, que é a liberdade de prensa burguesa, Lenin propuña confisca-las imprentas todas e distribuír equitativamente o papel e os recursos para que o pobo todo puidese expresarse e comunicarse. Dicía Lenin, en “Cómo aseguralo éxito da asemblea constituínte. (Sobre a liberdade de prensa)” (Lenin, 1976: 155):

“O poder do estado, baixo a forma dos soviets, confiscará as imprentas todas e o papel todo para o distribuír equitativamente: en primeiro lugar, en interese da maioría do pobo, da maioría dos pobres, en especial da maioría dos labregos, ós que durante séculos atormentaron, intimidaron e embruteceron os terratenentes e capitalistas.”

As palabras de Lenin dan por feito que os medios están maduros para pasar á propiedade pública. Coido que o ruso seguía nisto as ideas que Karl Marx expuxo no remate do capítulo XXIV d’*O capital*, onde se trata da tendencia histórica da acumulación capitalista. Dicía alí Marx que a “propiedade privada capitalista é a primeira negación da propiedade privada individual fundada no tra-

¹ No mesmo artigo, publicado no nº 139 da Gaceta Renanta o 19 de maio de 1842, dicía Marx (1987: 114): “Liberdade industrial, liberdade da propiedade, liberdade de conciencia, liberdade de prensa ou dos tribunais: son todas especies do mesmo xénero, da *liberdade por antonomasia*. Por iso sería caer nun erro craso esquece-la diferenza por baixo da unidade e, máis aínda, converter *unha determinada especie* en pauta, en norma, en esfera das demais. É a *intolerancia* dunha especie de liberdade, que só admite ás outras cando se derivan dela e se declaran vasallos dela.

A liberdade industrial é cabalmente iso, a liberdade da industria, e non pode ser outra porque nela se desenvolve sen pexas, segundo a súa propia natureza, a industria; a liberdade xudicial é a liberdade dos tribunais, alá onde se axusta ás propias leis innatas do dereito, e non ás doutra esfera calquera (por exemplo, a relixión). Cada esfera determinada de liberdade é a liberdade dunha determinada esfera, igual ca todo determinado modo de vida é o modo de vida dunha determinada natureza. Sería absurdo pedir que o león se ativese ás leis de vida do pólipio. E concebiríamos falsamente a cohesión e a unidade do organismo físico se concluíramos que, dado que o brazo e a perna se moven ó seu xeito, o ollo e maillo oído, estes órganos que arrican ó home da súa individualidade e o convirten en espello e eco do universo, teñen maior dereito a manterse activos, a *potencia*-la actividade do brazo e da perna.”

Marx consideraba que a actividade industrial non é o esencial da prensa, senón que o esencial da prensa é o que ten de actividade cooperativa, ideativa e crítica. Marx, como Lenin, ten a acción comunicativa en moi alta estima e non quere que por *quid pro quo* ningún se vexa reducida a un negocio de xerar opinión e atención. Dicía moi claramente Marx (1987: 115): “Para defender e mesmo compe-la liberdade nunha esfera debo concibila no seu carácter esencial e non no seu aspecto externo. Entón, ¿podo afirmar que sexa fiel ó seu creador, que se axuste á nobreza da súa natureza, que sexa libre a prensa que se rebaixa a converterse nunha industria? Ben é certo que o escritor tan que gañar algo para subsistir e escribir, mais iso non quere dicir, de xeito ningún, que deba subsistir e escribir coa finalidade de gañar algo.

Nos versos de Béranger

Só vivo para compor cancións,
se me quitade-lo posto, Monseñor,
farei cancións para vivir.

contense unha ameza puramente irónica, e o poeta, capitulando, sae da súa esfera cando convirte a poesía nun medio.

O escritor non considera de xeito ningún a xeito de medio os escritos saídos da súa pluma. Son, contrariamente *fins en sí* e distan tanto de seren simples medios para el mesmno ou para outros que o seu autor, cando cómpre, sacrifica a súa existencia á dos seus escritos, e de maneira distinta a como o fai o predicador, ó eleva-la súa relixión a principio: “Obedecer a deus máis cós homes”, entre os cales está incluído tamén el, coas súas necesidades e apetencias. En troques, ningún xastre ó que se lle encargase un frac francés me viría cunha toga romana, por considerar esta prenda máis adecuada ás leis eternas da beleza.”

ballo propio” e tamén que “A transformación da propiedade privada dispersa, fundada no traballo persoal dos individuos, na propiedade capitalista é, naturalmente, un proceso moitísimo máis lento, máis duro e máis difícil cá transformación da propiedade capitalista, fundada xa, realmente, en métodos sociais de produción, en propiedade social. Alí tratábase da expropiación das masas populares por uns poucos expropiadores, e aquí trátase da expropiación duns poucos usurpadores polas masas populares.”

A importancia da prensa indicouse tamén na *Historia da revolución rusa* de León Trotsky. No capítulo “O ataque contra as masas”, cóntase como os bolcheviques, a fins de xullo de 1917, recuperaran a súa posición nas fábricas de Petrogrado e como “en sinal de protesta contra a Conferencia Nacional, os obreiros cederon un día de xornal para a prensa obreira”. Neses mesmos días, o vinte de xullo, en Cronstadt, nun mitín celebrado na Praza da Áncora, esíxese a transmisión do poder ós Soviets, a abolición da pena de morte e a confiscación da prensa burguesa. Sexa como for, sobre a importancia da prensa para a revolución bolchevique, convén lembralo párrafo final do quinto capítulo de *Qué facer* (1902) onde, xusto antes da conclusión do libro, Lenin dixo:

“En poucas palabras “o plano dun xornal político central para toda Rusia”, lonxe de ser froito dun traballo de gabinete de persoas contaminadas de doutrinarismo e literaturismo (como lles pareceu a xente que meditou pouco nel), é, contrariamente, o plano máis práctico de se empezar a preparar no acto e por todas partes para a insurrección, sen esquecer ó mesmo tempo nin por un intre o labor corrente de cada día.”

Tamén é moi interesante o que pode lerse n’ *O estado e a revolución* sobre a “democracia para ricos” e a “organización puramente capitalista da prensa diaria”.² A transformación da propiedade capitalista en propiedade social, quere dicir, o rescate dos medios de comunicación secuestrados polo capital corporativo (Schiller, 1989) é tamén o que nos propuxo hai tempo Raymond Williams, e o que lembrou e expuxo con suma claridade Terry Eagleton no libro *Why Marx Was Right?* (Eagleton 2011: 27-28):

“Haberá medio século, nun libro excelente titulado *Comunicacións*, Raymond Williams esbozou un plan socialista para as artes e os medios de comunicación que, por unha banda, rexeitaba o control estatal dos contidos e, por outra banda, evitaba o dominio dos motivos lucrativos. En troques diso, os contribuíntes activos neste campo terían control dos seus propios medios de expresión e comunicación. A “planta” actual das artes e os medios (radios, emisoras, salas de concertos, cadeas de televisión, teatros, redaccións de xornais, etc.) pasaría a ser de propiedade pública (da que hai varias formas) e a súa xestión sería encargada a corpos democraticamente elixidos. Estes incluírían tanto membros do público coma representantes dos medios de comunicación e dos artistas.

Estas comisións, que serían absolutamente independentes do estado, serían logo responsables de conceder recursos públicos e de “arrendar” as instalacións de propiedade social quer a individuos, quer a compañías de actores, xornalistas, músicos, etc. democraticamente autoxestionadas. Mulleres e homes poderían, logo, producir obras libres tanto da regulación estatal coma das presións distorsionantes do mercado. Entre outras cousas, poderíamos vernos libres da situación na que un monllo de avarentos matóns entolecidos polo poder ditan a través dos seus desaugadoiros mediáticos de propiedade privada o que público debería crer (quere dicir, as opinións que benefician os seus intereses e o sistema ó que dan apoio.) Saberemos que se estableceu o socialismo cando poidamos volve-la vista con suma incredulidade á idea de que a un monllo de brutos comerciais se lles deu plena liberdade para corrompe-las mentes do público con visións políticas neandertalenses convenientes para os seus propios balances bancarios e para pouco máis.

Moitos dos medios sometidos ó capitalismo evitan o traballo difícil, controvertido ou innovador por que é malo para os beneficios. En troques, aceptan a banalidade, o sensacionalismo e os prexuizos e reaccións viscerais. Por contraste con isto, os medios socialistas non prohibirían ren, agás Schoenberg, Racine e as infinitas versións dramatizadas do *Capital* de Marx. Habería teatro popular, TV e xornais a fartar. “Popular” non significa necesariamente “inferior”. Nelson Mandela é popular mais non inferior. Moita xente do común le revistas moi especializadas lixadas de xiria inintelixible para os profanos. Acontece que tales revistas adoitan ser de pesca, equipamento para granxas ou cría de cans, máis ca

² Dicia Lenin (1985: 261): “Democracia para unha insignificante minoría, democracia para os ricos, tal é o democratismo da sociedade capitalista. De se observar máis de preto o mecanismo da democracia capitalista, veremos por todas partes, tanto nos “pequenos” (pretendidamente pequenos) pormenores do dereito electoral (censo de residencia, exclusión das mulleres, etc.) como na técnica das institucións representativas, como nos obstáculos efectivos ó dereito de reunión (os edificios públicos non son prós “miserables”!), como na organización puramente capitalista da prensa diaria, etc., etc. -veremos restricións e máis restricións ó democratismo. Estas restricións, excepcións, exclusións, obstáculos para os pobres, parecen pequenas especialmente ós ollos dos que nunca pasaron necesidade nin nunca coñeceron de preto ás clases oprimidas na súa vida cotiá (é o caso de nove décimos, senón de noventa e nove de cada cen dos publicistas e políticos burgueses) mais, en conxunto, estas restricións exclúen, eliminan, os pobres da política, da participación activa na democracia.

de estética ou endocrinoloxía. O popular convértese en lixo e kitsch cando os medios sinten a necesidade de secuestrar un cacho de mercado coa máxima celeridade e facilidade. Ista necesidade débese en moi gran medida a intereses comerciais.”

Con menos sutileza ca Eagleton ou Williams, Lenin propuxo nutrir a prensa por medio do monopolio estatal dos anuncios privados nos xornais. Lenin sabía ben que a “liberdade industrial” non era liberdade de prensa ningunha. Porén, entendía perfectamente cómo xerar recursos materiais para crear unha prensa que non se dedicase a “traficar con veneno para o pobo”. O revolucionario ruso deu no albo ó apuntar ó sistema máxico da publicidade (Williams, 2007) que de certo orienta os contidos da prensa e os medios de comunicación ata facer deles, en palabras de Michael Schudson (1996) o “folclore do capitalismo”.³ Perante a prensa envenenadora, que, amais, “divertiu e idiotizou con cousas picantes e banalidades” dicía Lenin (1976: 153):

“Cómpre preguntarse se se pode loitar contra un mal tan indignante e cómo loitar contra el. Nomeadamente, hai un xeito sinxelo, eficaz e legal, que hai tempo sinalei en Pravda, e que é especialmente oportuno lembrar hoxe, con ocasión do 12 de setembro, e que cómpre lembrar sempre ós obreiros, pois eles dificilmente poderán pasar sen el cando conquiran o poder político.

Tal medio é o monopolio estatal dos anuncios privados nos xornais. Bótese un ollo a Rússkoie Slovo, Nóvoie Vremia, Brizhovka, Riech, etc., e hase ver unha morea de anuncios que dan gaños enormes, quizais os principais, ós capitalistas que editan tales xornais. Así é como funcionan e se enriquecen os xornais burgueses no mundo todo, así é como trafican con veneno para o pobo.

En Europa hai xornais dos que a tiraxe ascende a un terzo do número de habitantes dalgunhas cidades (poño por caso, 12000 exemplares para unha poboación de 40000) e repártense gratuitamente en cada caso, dándolle ó mesmo tempo bos gaños ós editores. Tales xornais viven dos anuncios pagos por particulares e o reparto gratuito deses xornais asegura a mellor difusión dos tales avisos.

Cómpre preguntarse: por qué a democracia, que se chama ela propia revolucionaria, non deu levado á práctica unha medida que declare monopolio do estado os anuncios particulares, que prohiba publicar anuncios noutro lugar que non fose nos xornais editados polos soviets das provincias, das cidades e polo Soviet Central de san Petersburgo e para toda Rusia? Por qué é que a democracia “revolucionaria” está obrigada a tolerar que se enriquezan cos anuncios privados os ricachos partidarios de Kornilov, os programadores da mentira e a calumnia contra os soviets.”

Ó indica-las medidas blocheviques para favorece-la liberdade de prensa, quere dicir, para acabar co monopolio dos ricos na opinión pública e na información, Lenin soubo anticiparse tamén ó contrargamento dos burgueses perante as súas ideas de reparto dos recursos materiais. Dicía (Lenin, 1976: 154):

“Han dicir: é unha violación da liberdade de prensa! Non tal! Verdadeiramente, viría sendo restablecer e amplia-la liberdade de prensa. Pois liberdade de prensa significa: as opinións todas dos cidadáns todos poden facerse públicas libremente.

E qué acontece na actualidade? Na actualidade só os ricos teñen tal monopolio e logo os grandes partidos. Porén, editando grandes xornais soviéticos con anuncios, sería perfectamente posible asegura-la expresión das súas opinións a un número moito máis amplo de cidadáns, por exemplo, a todo grupo que reunise un certo número de subscritores. A liberdade de prensa viraría moito máis democrática de facto, sería moito máis completa con esa transformación.”

No capítulo IX de *Dez días que abalaron o mundo*, titulado *A conquista do poder*, John Reed contou, expondo palabras de Anesov, que “a revolución non vacilou en ataca-la propiedade privada e nós debemos examina-la cuestión da prensa precisamente a xeito dunha cuestión de propiedade privada”. Reed transcribe tamén a resolución sobre a prensa que leu Anesov, e que concorda coas ideas de Lenin que vimos de expor. Di (Reed, p. 267):

“A supresión dos xornais burgueses foi ditada non só por necesidades puramente militares no curso da insurrección e do esmagamento dos intentos contrarrevolucionarios, senón que foi tamén unha medida de transición necesaria para establece-lo novo réxime no terreo da prensa, un réxime no que os capitalistas (propietarios de prelos e papel) non podan converterese en fabricantes exclusivos da opinión pública.

³ A fina observación de Michael Schudson, a respecto de que a prensa é “o folclore do capitalismo”, parece en consoancia coas importantes consideracións de Benedict Anderson (1991) no tocante a que, en xeral, a prensa é “o capitalismo impreso”. Negt e Kluge (2016), ó contrapor a esfera pública burguesa coa posibilidade dunha esfera pública proletaria no capítulo terceiro do seu *magnum opus*, non dixeran outra cousa.

A medida seguinte debe se-la confiscación dos prelos particulares e das existencias de papel, a súa entrega en propiedade ós Soviets na capital e en provincias a fin de que os partidos e grupos políticos poidan usa-los recursos de impresión consonte á súa verdadeira forza ideolóxica, quere dicir, proporcionalmente ó número dos seus adeptos.

O restablecemento da chamada “liberdade de prensa”, quere dicir, a sinxela restitución dos prelos e mailo papel ós capitalistas, envenenadores da conciencia do pobo, sería unha capitulación inadmisíbel perante a vontade do capital, a entrega dunha das posicións máis importantes da revolución obreira e labrega, quere dicir, unha medida de carácter indiscutiblemente contrarrevolucionaria.”

Nos debates sobre a liberdade de prensa que describe Reed (p. 269), cítase Lenin:

“A guerra civil aínda non rematou; o inimigo segue por fronte nosa; entón, non é posible aboli-las medidas represivas contra a prensa. Os bolcheviques tamén dicíamos antes que cando tomáramo-lo poder nas nosas mans clausuráramo-la prensa burguesa. Tolerá-la existencia destes xornais significa deixar de ser socialista. Cando se fai a revolución non se pode permanecer estancado: hai que avanzar ou retroceder. Os que falan agora de “liberdade de prensa” retroceden e frean o noso impetuoso avance cara ó socialismo.

Quitámono-lo xugo do capitalismo, igual cá primeira revolución quitou o xugo da autocracia. Se a primeira revolución tivo dereito a prohibi-los xornais monárquicos, nós tamén temos dereito a suprimi-los xornais burgueses. A liberdade de prensa non se pode separar doutros problemas da loita de clases. Prometimos clausurar eses xornais e debemos clausuralos. A inmensa maioría do pobo está connosco.”

Despois destes argumentos, vén a posición fundamental de Lenin (Reed, p. 269): “Os recursos técnicos da prensa deben ser propiedade do Goberno soviético e distribuírse, en primeiro termo, entre os partidos socialistas en estrita proporción ó número dos seus adeptos.”

Para os bolcheviques, a xestión cooperativa nos medios estaba en relación recíproca con máis xestión cooperativa nas fábricas e na economía, no estado e na sociedade. O control social dos medios de masas só se dá co control social da produción material. Tal concepción leninista dos medios de comunicación sintetízouna hai tempo Lothar Bisky (1982: 128):

“As relacións de clase na sociedade global son a magnitude decisiva mesmo para as condicións de produción dos medios de masas. A democratización dos medios de masas non pode ser, logo, ningunha tarefa común de tódalas forzas sociais que flote sobre os intereses de clase, ningunha preocupación común da clase obreira e do gran capital e os seus partidos. A democratización dos medios de masas só pode realizarse na medida en que sexa parte da loita por unha alternativa democrática á política global da clase dominante. [...] Mentres-los obreiros teñan que calar nas empresas capitalistas, de pouco lles ha valer toda a leria democrática sobre os medios. A emancipación de clase só se acada na loita práctica económica, política (tamén político-comunicativa) e ideolóxica da clase obreira actuando organizada. A comunicación transmitida polos medios só pode apoiar con éxito a liberación da clase obreira cando se convirta en compoñente organizado desta loita. Esta loita ten que dirixila o partido obreiro revolucionario, pois, segundo decía Lenin “unha masa sen partido, unha masa que non sexa dirixida por un partido forte, está desunida, non é consciente das súas tarefas, non é capaz de loita tenaz”.

Bisky (1982: 120) expuxo tamén que para Lenin a función organizadora da prensa consiste en desenvolver-la conciencia de clase, en facer que o proletariado pase de ser “clase en si” a “clase para si” e, no tocante a iso, a prensa é importante na relación da tríade dialéctica “partido-clase-masa” da doutrina leninista. Bisky (1982: 121) cita palabras de Lenin sobre a función organizativa do xornal: “Entre nós, mentres non conquistemos a liberdade política, un periódico revolucionario ten que servir de *substituto de todo iso*, e realmente de *todo*, pois sen el non será posible entre nós ningunha clase de organización ampla do movemento obreiro .”

Segundo Lenin, a prensa debía contribuír a supera-la dispersión e o “carácter artesanal” de algúns círculos e grupos locais, e conducir coa súa axitación e propaganda, secomasí coa súa organización, á unión das distintas actividades locais en accións comúns dos individuos de clase organizados. “Só a creación dun órgano común do partido pode encher de conciencia a cada “traballador parcial” da causa revolucionaria, facer que marche na fila e ó paso, que o seu traballo sexa directamente útil para o partido, que constituía un elo da cadea que esganará ó peor inimigo do proletariado ruso e do pobo ruso todo.”

De por parte, a sobre a concepción leninista da prensa, expuña tamén Bisky (1982: 122):

“O cambio da base económica era o fundamento para acada-la modificación no cambio de contido da prensa. Para que a prensa obreira puidese traballar totalmente en interese da súa clase, tería que ser un “compoñente do traballo organizado, planificado, unido...do partido”. O partido, en canto sector avanzado da clase, pode dirixi-lo traballo efectivamente e atendendo ó verdadeiro interese das masas, de xeito que se difundan informacións que concorden coa reali-

dade e orienten correctamente e organicen a acción dos individuos de clase. O partido de tipo novo media o proceso de coñecemento e da realidade social, da xeneralización das experiencias da clase e da comunicación necesaria segundo a situación. [...] Coa victoria da revolución socialista, a industria toda da comunicación pasa a ser propiedade do pobo. A liberación da industria da comunicación a respecto do interese do capital polo beneficio, é o primeiro presuposto básico para que os medios traballen en interese das masas. Amais, no proceso da revolución cultural socialista, a clase obreira defronta a tarefa de transformar todo o modo de comunicación formado e desenvolvido baixo o capitalismo. Nos traballos de Lenin sobre a prensa reflíctese a loita dos blocheviques por transforma-la prensa despois da Revolución de Outubro, de xeito que corresponda á súa función nunha sociedade que constrúe o socialismo. “A ditadura do proletariado é unha loita tensa, sanguenta e non sanguenta, violenta e pacífica, militar e económica, pedagóxica e administrativa, contra os poderes e as tradicións da vella sociedade. O poder máis temible é o dos costumes de millóns e millóns de persoas.” O partido revolucionario do proletariado (“que non merece tal nome ata que non aprenda a unir nun todo, en forma inseparable, ós dirixentes coa clase e coas masas”) atopábase tamén perante a misión de modificar fundamentalmente os hábitos comunicativos tanto dos produtores coma dos receptores da prensa. Durante décadas, a prensa burguesa “divertiu e idiotizou con cousas pincantes e banalidades” ós seus lectores e íaos habituando a non prescindir dela. Expulsou das columnas da prensa precisamente aquelas cuestións da praxe social e, particularmente, da economía que eran de gran importancia para a vida de millóns de homes. A prensa dos bolcheviques tiña que achegar, entón, esas cousas ás masas: tiña que transformar unha prensa que marxinara a praxe social nun órgano de “reeducación económica” das masas, expo-las experiencias dos mellores colectivos e traballadores, denuncia-los defectos, transmitir estímulo, etc. Tratábase de desenvolver unha prensa que “someta precisamente ó xuízo da masa as cuestións da vida económica diaria e axude a estudalas seriamente”. As mellores experiencias obtidas na produción e noutras esferas da vida social tiñan que “converterese en ben común das masas.”

A cuestión do monopolio da opinión pública, contra a que teorizou e actuou Lenin, segue a ser unha preocupación actual, tamén entre pensadores alleos ó pensamento socialista. Poño por caso a Nick Couldry, da Universidade de Londres, que no libro *Why a Voice Matters* (2010) dedicaba un interesante capítulo a preguntarse se os medios británicos e estadounidenses actuais non son máis ca un altavoz das consignas neoliberais, ben distantes dos intereses dos que, efectivamente, somos o 99%. Couldry manifesta unha preocupación a exposta no derradeiro capítulo do libro clásico de Habermas sobre a opinión pública⁴, onde se falaba da “refeudalización”, ou monopolización, da esfera pública que se desenvolveu dende os primeiros compases da ilustración a xeito de ámbito de liberdade, ese ámbito de acción comunicativa que o xornalista Marx defendeu na Gaceta renana perante os que querían reduci-la liberdade de prensa a unha liberdade industrial (que, por outra banda, comportaba uns ridículos criterios de censura). Tamén no ámbito británico, Sir Richard Hoggart (2004) amosou claramente preocupación pola condición cada vez máis enganosa dos chamados “medios de masas”.

De por parte, Negt e Kluge (2016: 55), no libro sobre *A esfera pública da experiencia* que escribiron en contrapunto ó de Jürgen Habermas (1981), para amosar que, amais da “esfera pública” que é condición necesaria para as sociedades burguesas (quere dicir, para as sociedades que superaron o antigo réxime), hai esferas públicas proletarias (constituídas por panfletos, publicacións populares, ás veces clandestinas, inaceptables ou pouco circunspectas), indicaban que a esfera pública é a forma organizadora da “ditadura da burguesía” e que a súa función é evitar que se altere ou anule a orde da produción burguesa.⁵ Va que ninguén deu visto durante a última lexislatura no Estado español-borbónico ningún medio convencional que cuestionase o rescate dos ban-

⁴ J. Habermas, *Historia y crítica de la opinión pública*. Barcelona, Gustavo Gili, 1981.

⁵ Negt e Kluge (2016: 55): “A esfera pública a xeito de forma organizadora da “ditadura da burguesía. Esa rede de normas, lexitimacións, delimitacións, regras procedimentais e separación de poderes que evita que a esfera pública política, cando xa está establecida, poida tomar decisións que alteren ou anulen a orde da produción burguesa. É o obstáculo organizado para a política e a esfera pública material: o contrario da esfera pública constituínte.”

Sobre a esfera pública constituínte, véxase Negri (1996).

cos ou a brutalidade da reforma laboral?⁶ Va que ningún xornalista habitual na prensa comercial española evocou o libro clásico da ilustración *Dereitos do home* de Thomas Paine (1791, 1792, 2014) nos días posteriores a abdicación de Xoan Carlos I?

Hai sobradas razóns para que a algúns lles custe imaxinar outros medios de comunicación, outra forma de facer prensa, outra maneira de desenvolver-la “acción social comunicativa”. Decía Marx n’ *O Capital* (Tomo 1, libro 3, pp. 62-63): “Os axentes prácticos da produción capitalista e os seus trabalinguas ideolóxicos son tan incapaces de imaxina-lo medio de produción separado da máscara social antagónica que hoxe se adhire a el como o era un escravista de imaxina-lo traballador desligado do seu carácter de escravo.” Por iso resulta conmovedora (e un chisco inxenua) a proposta da economista do Instituto de Estudos políticos de París Julia Cagé no libro *Salvar os medios de comunicación*. Julia Cagé propón na terceira e última parte do libro *Salvar os medios de comunicación* un modelo novo para a xestión dos medios no século XXI: “un estatuto de “sociedade de medios de comunicación sen ánimo de lucro” intermedio entre a fundación e a sociedade por accións” (Cagé, 2016: 99).

Di Cagé (2016: 99): “No marco deste novo estatuto, e máis alá de certo umbral de participación, os dereitos de voto aumentarían menos proporcionalmente á achega do capital. Inversamente, os pequenos accionistas verían os seus dereitos de voto aumentados. E iso de maneira que permita a renovación do poder e das persoas.”⁷

Os medios de comunicación son, como ben expuxo Raymond Williams (1980), medios de produción social. O problema é que, como tamén nos indicou Zygmunt Bauman (2002) o mundo “segundo se ve na TV” ten, desgraciadamente, algo que ver co mundo no que estamos, pois tamén

⁶ Alain Badiou (2009: 75-82), no celoso ensaio *De qué real é espectáculo esta crise?* Falou de cómo a crise planetaria das finanzas parecía un deses filmes malos que se converten en éxito por conta da publicidade. Non lle faltaba á crise ren do que adoitan ter os malos filmes taquilleiros: o espectáculo progresivo do desastre, a intriga e os momentos de terror. Segundo Badiou, ós espectadores do “show da crise”, deste mal filme que queren facer pasar por cousa real, pedíuselles que entendesen a necesidade de salvar os bancos, porque o a solución do resto de conflitos sociais viría de seguido. Paga a pena citar extensamente o remate do ensaio de Badiou (2009: 80-82): “Je vois deux niveaux articulés de ce retour du réel. Le premier est clairement politique. Puisque, comme le film l’a montré, la politique “démocratique” n’est que service empressé des banques, que son vrai nom est: capitalo-parlamentarisme, il convient, comme de multiples expériences depuis ving ans ont commencé à le faire, d’organiser une politique d’une nature entièrement différente. Elle est et sera sans doute longuement très à distance du pouvoir d’État, mais peu importe. Elle commence au ras du réel, par l’alliance pratique des gens les plus immédiatement disponibles pour l’inventer: les prolétaires nouveaux venus, d’Afrique ou d’ailleurs, et les intellectuels héritiers des batailles politiques des dernières décennies. Elle s’élargira en fonction de ce qu’elle saura faire; point par point. Elle n’entretiendra aucune espèce de rapport organique avec les partis existants et le système, électoral et institutionnel, qui les fait vivre. Elle inventera la nouvelle discipline de ceux qui n’ont rien, leur capacité politique, la nouvelle idée de ce que serait leur victoire.

Le second niveau est idéologique. Il faut renverser le vieux verdict selon lequel nous serions dans la “fin des idéologies”. Nous voyons très clairement aujourd’hui que cette prétendue fin n’a d’autre réalité que le mot d’ordre “Sauvons les banques”. Rien n’est plus important que de retrouver la passion des idées, et d’opposer au monde ce qu’il est une hypothèse générale, la certitude anticipée d’un tout autre cours des choses. Au spectacle malfaissant du capitalisme, nous opposons le réel des peuples, de la vie des gens dans le mouvement propre des idées. Le motif d’une émancipation de l’humanité n’a rien perdu de sa puissance. Le mot “communisme”, qui a longtemps nommé cette puissance, a certes été avili et prostitué. Mais aujourd’hui, sa disparition ne sert que les tenants de l’ordre, que les acteurs fébriles du film catastrophe. Nous allons le ressusciter, dans sa neuve clarté. Qui est aussi son ancienne vertu, quand Marx disait du communisme qu’il “rompait de la façon la plus radicale avec les idées traditionnelles” et qu’il faisait surgir “une association où le libre développement de chacun est la condition du libre développement de tous”.

Rupture totale avec le capitalo-parlamentarisme, politique inventée au ras du réel populaire, souveraineté de l’idée: tout est là, qui nous déprend du film de la crise et nous rend à notre propre levée.”

⁷ Di tamén Cagé (2016: 106) algo que convén contrastar coas consideracións de Lenin: “Lembremos que as empresas de prensa (e non só os xornais de información política e xeral) xa gozan de certa benevolencia fiscal en Francia e noutros países. Sinalemos, amais, que o que caracteriza ás actividades sen ánimo de lucro non é a ausencia de actividade comercial, senón o carácter desinteresado da xestión. En particular, os beneficios todos deben reinvestirse e non poden repartirse. Cos actuais beneficios de prensa, iso non ha ser inconveniente ningún!”

A proposta de Cagé (2016: 126) pretende, amais de mellora-la produción dos medios de comunicación, resolve-la “contradición” de “subvencionar medios de comunicación que son propiedade de grandes grupos industriais ou de individuos inensamente ricos.”

A condición principal do modelo de sociedade que propón Cagé (2016: 126) é “que se trate de medios de comunicación política e xeral que produzan información orixinal. Quedan excluídos os agregadores de información, que se contentan con xerarquizas contidos producidos por outros.”

Para Cagé (2016: 129) “Os medios de comunicación política e xeral achegan un ben público [...]E por iso deben gozar dun tratamento específico por parte do Estado.” Ora ben, o párrafo final do libro de Cagé (2016: 133) é verdadeiramente desalentador, pois di: “Capitalismo, crowdfunding, democracia.”

Sobre a cuestión dos medios de comunicación e o ben público, véxanse as diferentes achegas recompiladas en Outeiriño (ed.), 2011.

nel a gran desproporción de poderes, a arbitrariedade e os abusos son cousa frecuente e os medios reflicten os desequilibrios de poder do mundo.

Os máis dos medios de comunicación actual, caracterízanse por crear non xa unha espiral de silencio, na que se minimizan as opinións que non se teñen por maioritarias, senón unha espiral de cinismo. Sobre esa espiral de cinismo, quere dicir, sobre a promoción e difusión dunha actitude cínica a respecto da política nos medios de comunicación faláron xa hai tempo Kathleen Hall-Jamieson e Joseph Capella (1998) por mor de caracteriza-la información predominante nos medios de comunicación estadounidenses que algúns coitados teñen por modélicos. O cinismo do poder é facer algo mal a sabendas e, porén, declarar que está ben. Peter Sloterdijk, en *Crítica da razón cínica* (Sloterdijk, 1983), falou do cinismo da prensa e indicou: “O cinismo, en última instancia, leva á equivalencia moral do diferente, e quen non vexa cinismo, cando a nosa prensa, entre anuncios de camas, informa sobre torturas en Sudamérica, tampouco ha ser capaz de percibi-la teoría da plusvalía aínda que a lese cen veces.”⁸ De por parte, Sloterdijk non só falou hai tempo do cinismo dos medios, senón que, mais recentemente, indicou que “a telecomunicación é cada vez máis difícil de distinguir do televampirismo”.⁹

Sexa como for, á hora de considera-la función dos medios de comunicación, cómpre lembrar, con Ferruccio Rossi-Landi (1970: 289) que “a clase dominante aumenta a redundancia das mensaxes que consolidan a súa posición e acomete con rumores e, de ser necesario, con perturbacións propiamente ditas, a codificación e circulación de mensaxes que poderían invalidala.”

Os medios de comunicación exhiben decontino as momias sexy do capitalismo serodio: Donald Trump, Christine Lagarde, Donald Tusk, Angela Merkel, Mario Draghi, Marine Le Pen, Luis de Guindos, Maria Dolores de Cospedal, Pablo Isla, Andrea Levy e, baixando moito no escalafón, Núñez Feijoo, etc.

A política estetízase e subsúmese no capital. Os medios de comunicación subsumen (ou tragan) todo: xa non só a cultura, tamén acción política. Indicouno hai ben tempo David Harvey (1989: 305): “...se a produción estética está agora tan plenamente reificada e, por tal razón, ficou subsumida realmente dentro da economía política da produción cultural, como poderíamos parar ese círculo que se pecha ó chegar á producida, e entón moi doadamente manipulada, estetización dunha política globalmente mediatizada?”

Fredric Jameson (1991: 400) expuxo con boas razóns a pertinencia do pensamento de Lenin para analiza-los actuais medios de comunicación. Decía o estadounidense: “Lenin sobre o imperialismo non chega nin de lonxe a Lenin e os medios de comunicación.” Con efecto, a dirección dos grandes medios corporativos e transnacionais caracterízase na altura de hoxe por unha verticalismo e “centralismo”, que parece tirado dos escritos de Lenin sobre o “centralismo”

⁸ Paga a pena citar mais extensamente o que apuntou Peter Sloterdijk, na sección dedicada ós “cinismos secundarios” da súa *Crítica da razón cínica*. Decía Sloterdijk (1989: 126-7): “A mellor introdución propedéutica ó Capital, non consistiría en sentar diariamente un bo número de horas perante o televisor e obrigarse no resto do tempo a ollar varios xornais e revistas, amais de escoitar constantemente a radio? Pois, no fondo, *O Capital* pode lerse tan decote como se queira e non se entenderá o decisivo mentres non se saiba por experiencia propia e se absorba na propia estrutura mental e modo de sentir que vivimos nun mundo que pon as cousas nunha relación de falsa semellanza, de falsa uniformidade, de falsa equivalencia (pseudoequivalencias) entre todas e cada unha das cousas, chegando así a unha desintegración espiritual e a unha indiferenza na que os homes perden a capacidade de diferenciarlo correcto e o erróneo, o importante do que non o é, o produtivo e o destrutivo... pois están afeitos a toma-lo un polo outro.

Vivir con pseudoequivalencias, pensar en pseudoequivalencias: se o podes facer, xa es un cidadán de dereito nesta civilización cínica e, se es consciente diso, atopache-lo punto arquimédico a partir do cal se pode levantar criticamente esta civilización. Marx xirou arredor deste punto nos seus poderosos movementos de pensamento de crítica económica arredor da desigualdade central da nosa forma de economía (a que existe entre salario e valor de traballo) dende puntos de vista sempre novos. Porén, o camiño máis sinxelo para a comprensión d’*O Capital* non leva a través da lectura d’*O Capital*. Nós non temos que dicir, coma o desgraciado Althusser, Lire le Capital, senón Lire le Stern, Lire le Bildzeitung, Lire le Spiegel, Lire Brigitte. Alí pode estudarse máis claramente e máis decote a lóxica das pseudoequivalencias. O cinismo, en última instancia, leva á equivalencia moral do diferente, e quen non vexa cinismo, cando a nosa prensa, entre anuncios de camas, informa sobre torturas en Sudamérica, tampouco ha ser capaz de percibi-la teoría da plusvalía aínda que a lese cen veces.

⁹ Sloterdijk (2010: 109-110): “Dende a subxectividade humana do noso tempo asoma a alma do diñeiro cada vez con menos disimulo: unha sociedade de compradores comprados e de prostituíntes prostituídos instálase nas relacións globalizadas do mercado. O lema liberal xa clásico do *laissez-faire* explicitase no moderno chupar e deixar chupar. A telecomunicación é cada vez máis difícil de distinguir do televampirismo. Televidentes e telechupóns nótrense dun mundo licuado que xa case non sabe o que é o sólido ou unha vida propia. ¿Non podería acontecer que fose inminente unha época na que quen non queira falar de vampirismo tamén debería calar sobre filosofía? Se isto se fixese realidade, sería en todo caso o momento dunha segunda oportunidade para Marx?”

democrático”¹⁰, máis non para para impor os intereses dos traballadores, quere dicir, a dictadura do proletariado, senón para impor intereses contrarios ós traballadores: a dictadura, contra o proletariado, do capital financeiro. Se, na altura de hoxe, é doado analiza-las características da clase capitalista transnacional (Sklair, 2001) tamén é doado describir e analiza-lo “servizo doméstico da burguesía” (xuristas, propagandistas, xornalistas ou comediantes reaccionarios¹¹) que nestes tempos de “globalización” vén sendo tamén o servizo doméstico da clase capitalista transnacional (Aznar ó servizo de Murdoch, Felipe González, ó servizo doutra transnacional, etc.)

Fredric Jameson (1991: 400) xustificou a recuperación do concepto de imperialismo de Lenin no estudo das actuais dinámicas dos medios de comunicación por mor da reconstrución de hipóteses universais da teoría sociolóxica.¹²

Ó conmemorarmos a revolución de 1917, cómpre lembrarmos que non só consistiu en derrubala tiranía dos Romanov e acabar coa miseria de moitos millóns de almas, senón tamén nun proxecto de revolución mundial (Hobsbawm, 1994) que é, aínda hoxe, irrenunciabile. Entendo que é iso o que pon nas páxinas finais o libro de Christopher Hill (1967 [1947]) sobre a revolución rusa: “a revolución rusa amosou que a xente común da terra (e abofé que a que poboaba un país moi atrasado) pode asumi-lo poder e dirixi-lo estado con moita máis eficacia cos seus “mellores”. Dende este punto de vista, cada victoria do Exército Vermello na última guerra contra Alemaña foi máis inflamatoria ca unha morea de manifestos publicados pola internacional comunista.” Hill concluíu tamén que a característica principal da revolución rusa foi “que ergueu ó pobre e ó oprimido e mellorou a súa sorte nas cousas diarias da vida. “

Polo devandito, debemos construí-lo soviets da intelectualidade-masa. De non “construírmo-lo soviets da intelectualidade masa” (Negri, 1996), de non facermos medios novos, de non po-las

¹⁰ Porén, sobre as formas de organización política de clase óptimas para o momento actual, convén atender ás consideracións de Radice (2015). No tocante ó xeito de facer política das “elites leninistas”, convén lembra-las consideracións de Zygmunt Bauman (1992: 166) sobre o comunismo a xeito de concepción rixida da modernidade e a ilustración: “Lenin’s redefining of the socialist revolution as a *substitution for, instead of continuation of, the bourgeois revolution, was the founding act of communism. According to the new creed, capitalism was a cancerous growth on the healthy body of modern progress; no longer a necessary stage on the road to a society that will embody modern dreams. Capitalists could not be entrusted (as they once were by the founders of modern socialism, Marx and Engels) with even the preliminary job of site-clearing: “melting the solids and profaning the sacred”. As a matter of fact, the site-clearing itself was neither a necessity, nor a job useful enough to justify the waste of time needed for its performance. As the principles of a rationally organized, good society (more factories, more machines, more control over nature) were well known and agreed upon, one could proceed directly to usher any society (and particularly a society without factories, without machines, without the capitalists eager to build them, without the workers oppressed and exploited in the process of building) into a state designed by those principles. There was no point in waiting till the good society arrived through the action of workers, fed up with the sufferings caused by capitalist mismanagement of progress. As one knew what the good society would be like, to delay or even to slow down its construction was an unforgivable crime. The good society could be, had to be constructed right away, before the capitalist has a chance to mismanage and the workers to sample the outcomes of their mismanagement; or, rather, its designers should take over the management of society right away, without waiting for the consequences of mismanagement to show up. Capitalism was an unnecessary deflection from the Path of Reason. Communism, Lenin would say, is Soviet power together with the “electrification of the whole country”: that is, modern technology and modern industry under a power conscious of its purpose in advance and leaving nothing to chance. Communism was modernity in its most determined mood and most decisive posture; modernity streamlined, purified of the last shred of the chaotic, the irrational, the spontaneous, the unpredictable.”*

¹¹ Poño por caso Chiquito de la Calzada, que pasou de bufón nas festas privadas de Mario conde a cómico teimosa e exitosamente socializado por obra de Antena 3. Qué dicir dos cómicos obtusos que maltratan a sabendas a lingua galega con dorosas interferencias castelás nos programas da TVG? Cómpre ter en conta o indicado por Ernst Bloch sobre os aspectos reaccionarios do humor no *magnum opus* Principio Esperanza.

¹² Dicia Jameson (1991: 400): “Entón, a reconstrución histórica, a proposición de caracterizacións e hipóteses globais, a abstracción da “efervescente, florida confusión” da inmediatez, foi sempre unha intervención radical no aquí e agora e a promesa da resistencia ás súas fatalidades cegas.”

Segundo Jameson (1991: 400). “Lenin sobre o imperialismo non chega nin de lonxe a Lenin e os medios de comunicación; gradualmente foi parecendo posible entender esta lección dun xeito diferente. Pois Lenin estableceu o exemplo de identificar un estadio novo do capitalismo que non fora explicitamente previsto por Marx: o chamado estadio monopolista, ou momento do imperialismo clásico. Iso podía levar a crer que a nova mutación fora nomeada e formulada dunha vez por todas ou, doutro xeito, que un podería estar autorizado a inventar outra en certas circunstancias. Porén, os marxistas eran na maioría renitentes a tiraren esta segunda conclusión antitética porque entrementes os novos fenómenos sociais mediáticos e informativos foran colonizados (na nosa ausencia) pola dereita, nunha serie de estudos influentes na que a en principio tentativa noción de “fin da ideoloxía”, xurdida nos tempos da Guerra Fría, deu ó cabo nacemento ó moi espallado concepto da “sociedade postindustrial”. O libro de Mandel sobre o Capitalismo serodio cambiou todo iso, e por primeira vez teorizou un terceiro estadio do capitalismo dende unha perspectiva marxista útil.”

Sobre o enganoso concepto de sociedade postindustrial, véxase Poster (1997).

condicións para un cambio radical nas formas de comunicación pública, manterase o oligopolio mediático da “democracia para ricos”. Un caso de “democracia para ricos con “estado democrático” que non fai nada por cambia-lo monopolio dos medios é o de Gran Bretaña¹³ (do caso español, non me parece de bo gusto falar en Galicia).

Marx dixo, no tomo terceiro do primeiro libro do capital (p. 124) que “coa acumulación do capital desenvólvese a loita de clases e, polo tanto, o sentimento de autoestima dos obreiros”. Lenin, en *Qué facer* (Lenin, 1902) amosou a importancia da prensa en calidade de acción política ben antes do triunfo da revolución de outubro. Decía o ruso que “o lazo efectivo de unión” entre os que queren transforma-la sociedade “só pode *empezar* a crearse sobre a base dun periódico común”.

É crucial que os que non queiran desistir e asumir que vivimos nunha “democracia para ricos”, produzan os seus medios de comunicación e a súas formas culturais, críticas e libres, pois non ten dúbida que case todo o que se ofrece a xeito de “comunicación” de masas é non só información moi parcial, cínicamente ideolóxica, senón formas de entretemento abertamente hostís á clase obreira (Harper, 2012).

Perante o secuestro corporativo da esfera pública, perante os medios dominados polo sistema máxico da publicidade (Williams, 2007) e as regulamentacións do capital, debemos confiar no que Negt e Kluge (2014) chamaron contracapital¹⁴ no atlas de conceptos que pecha o libro *Historia e obstinación*.

BIBLIOGRAFÍA

- Anderson, B. (1991) *Imagined Communities*. Londres, Verso.
- Badiou, A. (2009) “De quel réel cette crise est-elle le spectacle?” en *L’Hypothèse Communiste*. Clamency, Nouvelles Éditions Lignes.
- Bauman, Z. (1992) *Intimations of Postmodernity*. Londres, Routledge.
- (2002) “As Seen in TV” en *Society Under Siege*. Cambridge, Polity.

¹³ Decía Thomas Field no seu recente libro sobre *Os medios contra a democracia* (Field, 2015: xi): “At the start of 2014 the apparent embarrassment of News Corporation is abating [véxase <http://levesoninquiry.org.uk/>] but nothing has really happened to its power base -even if it has got rid of one of its “toxic” titles and a key member of its staff (Andy Coulson) has ended up in jail. The outcome of all this is that the state has done nothing to change the media order in the UK where News Corporation is dominant. Indeed it seems the state is aligned with News Corporation against the UK judicial processes. The media order in the UK (as well as around the world) is oligopolistic -is one where there is much power in few hands.”

Field (2015: 4) fala tamén do “poder cultural” das emisións e publicacións: “By cultural power I mean the capacity of the nexus of global multi-media conglomerates and state-directed public service broadcasting systems (the oligopoly that is the global media industry) to shape our ideas about what there is and what it means, and such activity is wrongly described as mediation. The revelations at the British *Leveson Enquiry* indicate the use of such power by, for example: News Corporation to attempt to blackmail John Major’s Conservative UK government into changing policy in the EU; its efforts to try to get Blair’s Labour government, as well as Chirac’s French government, to join the Iraq War coalition; an the placement of one of their men (Andy Coulson -later found guilty, in July 2014, of illegal journalistic practices) at the heart of Cameron’s 2010 onwards Conservative government.”

¹⁴ Sobre o concepto de “contracapital”, e a relación “capital-contracapital” dicían Kluge e Negt (2014): “Do mesmo xeito cá propiedade ten varias formas, a relacionalidade do capital asume numerosas formas. A aglomeración de elementos variados de forzas individuais que constitúe o contracapital transforma o capital histórico concreto. Entón, a curiosidade, o espírito de resistencia e, por riba de todo, o propio traballo son todos eles elementos do contracapital cara ó que se volven as sociedades en crise. Aínda que o capital non produce sinxelamente o propio contracapital, podemos, malia todo, atopar unha corrente fundamental desta contraeconomía en toda coxuntura do capitalismo. Normalmente, esta corrente fundamental estabiliza o sistema, mais tamén pode permitir novas saídas emancipatorias e, daquela, facer posible que se desenvolvan heterotopias.”

- Bisky, L. (1982) *Crítica de la teoría buguesa de la comunicación de masas*. Madrid, Ediciones de la Torre.
- Cagé, J. (2016) *Salvar los medios de comunicación*. Barcelona, Anagrama.
- Couldry, N. (2010) *Why Voice Matters*. Londres, Sage.
- Eagleton, T. (2011) *Why Marx Was Right?*. New Haven, Yale University Press.
- Field, Th. (2015) *The Media Against Democracy*. Winchester, Zero Books.
- Habermas, J. (1981) *Historia y crítica de la opinión pública*. Barcelona, Gustavo Gili.
- Hall-Jamieson, K. e Cappella, J. N. (1997) *Spiral of Cynicism: The Press and the Public Good*. Nova York, Oxford University Press.
- Harper, S. (2012) *Beyond the Left: The Communist Critique of the Media*. Winchester, Zero Books.
- Harvey, D. (1989) *The Condition of Postmodernity*. Oxford, Blackwell.
- Hill, Ch. (1967) *Lenin and the Russian Revolution*. Londres, The English Universities Press.
- Hobsbawm, E. (1994) *The Age of Extremes: The Short Twentieth Century, 1914-1991*. Londres, Michael Joseph.
- Hoggart, R. (2004) *Mass Media and Mass Society. Myth and Reality*. Nova York, Continuum.
- Jameson, F. (1991) *Postmodernism or, the Cultural Logic of Late Capitalism*. Londres, Verso.
- Lenin, V. I. (1976) *Prensa y literatura*. Madrid, Akal.
- (1981 [1902]) *¿Qué hacer?*. Moscú, Editorial Progreso.
- (1985 [1917]) *O estado e a revolución en Lenine. Obras Escolhidas em Seis Tomos*, t. 3. Lisboa, Avante, pp. 189-289.
- Marx, K. (1976) *El Capital*. Madrid, Akal.
- Marx, K. e Engels, F. (1987) *Sobre prensa, periodismo y comunicación*. Madrid, Taurus.
- Negri, T. (1996) "Reppublica costituente" en *L'inverno è finito*. Roma, Castelvecchi.
- Negt, O. e Kluge, A. (2014) *History and Obstinacy*. Nova York, Zone Books.
- (2016) *Public Sphere of Experience. Analysis of the Bourgeois and Proletarian Public Sphere*. Londres, Verso.
- Outeiriño, M. (ed.) (2011) *A comunicación e o ben público*. Santiago, Nino.
- Paine, Th. (1985 [1791, 1792]) *Rights of Man*. Londres, Penguin Books.
- (2014) "Dos sistemas de governo vellos e novos", *A trabe de ouro*, nº 99, pp. 47-56.
- Poster, M. (1997) "O concepto de sociedade postindustrial. Daniel Bell e o problema da retórica", *A trabe de ouro*, nº 31, pp. 33-54.
- Radice, H. (2015) "A teoría e a política de clases hoxe", *A trabe de ouro*, nº 103, pp. 81-100.
- Reed, J. (1977) *Diez días que estremecieron al mundo*. Madrid, Akal.
- Rossi-Landi, F. (1970) *El lenguaje como trabajo y como mercado*. Caracas, Monte Ávila.
- Schiller, H. I. (1989) *Culture Inc. The Corporate Take Over of Public Sphere*. Oxford, Oxford University Press.
- Schudson, M. (1996) *The Power of News*. Cambridge (MA), Harvard University Press.
- Sklair, L. (2001) *The Transnational Capitalist Class*. Oxford, Blackwell.
- Sloterdijk, P. (1983) *Crítica de la razón cínica*. Madrid, Taurus.
- (2010) *Temperamentos filosóficos. De Platón a Foucault*. Madrid, Siruela.
- Trotsky, L. (1973) *Historia de la revolución rusa*. Bilbao, Zyx.
- Williams, R. (1980) *Problems on Materialism and Culture*. Londres, Verso.
- (2007) "Publicidade: o sistema máxico", *A trabe de ouro*, nº 71, pp. 65-85.